



LOE. Consello Escolar

Normas xerais de funcionamento.

- Lei 30/1992, de 26 de Novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE 27 /11/1992).
- Capítulo II do Título II (Órganos das Administracións Públicas/Órganos Colexiados).
 - Competencias do presidente, secretario e membros dun órgano colexiado
 - Condicións para convocatorias e celebración de sesións
 - Características das actas.
- Quorum para a súa válida constitución:
 - 1ª Convocatoria: Presidente, Secretario e 1/2 dos seus membros
 - 2ª Convocatoria: Presidente, Secretario e 1/3 dos seus membros (nunca <3)

Funcións e competencias.

En relación cos documentos pedagóxicos e de xestión

- Avaliar o PE, Proxecto de xestión e NORF.
- Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.

En relación coa elección de cargos directivos

- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección do director do centro, nos termos que a Lei Orgánica establece.
- Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo.
- No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría de dous terzos, propoñer a revogación do nomeamento do director

En relación coa convivencia no centro

- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.

- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero

En relación cos recursos do centro

- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar a obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.

En relación coa colaboración externa

- Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

En relación coa calidade educativa

- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e mellóraa da calidade da xestión, así como sobre aqueloutros aspectos relacionados coa calidade da mesma.

En relación coa admisión de alumnos

- Informar sobre a admisión de alumnos con suxeición ao establecido na LOE/LOMCE e disposicións que a desenvolvan.